

PROGRAMACIÓN GREGO 2º DE BACHARELATO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As linguas clásicas, o latín e o grego, proporcionan unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Polo tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

O estudo do grego como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua grega interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

A materia de grego de segundo de bacharelato precisa ter adquiridos os estándares mínimos de aprendizaxe da materia Grego I. As primeiras semanas de curso repasaremos estos na aula para que os alumnos tomen conciencia das súas carencias e poñan remedio.

OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO

Podemos establecer os seguintes obxectivos:

- Identificar os principais aspectos e realizacións culturais de Grecia, con especial atención á literatura e recoñecer os elementos desa herdanza grega que permanecen no mundo e na cultura actual e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.
- Valorar as achegas do legado cultural de Grecia, especialmente da literatura, como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumnado pertence.
- Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo grego, con actitudes de tolerancia e respecto cara aos seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.
- Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización grega, indagando en documentos e en fontes variadas, con aplicación das novas tecnoloxías, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
- Identificar os principais cambios na evolución do léxico grego ás linguas romances de España, contribuíndo así a un mellor coñecemento e aprecio desas linguas por parte dos alumnos.
- Identificar a orixe grega do acervo léxico das linguas romances faladas polo alumnado, así como os principais procedementos de composición e derivación do grego e a súa permanencia nas linguas romances.
- Recoñecer o papel integrador do grego en distintas áreas da ciencia, filosofía, historia, literatura, arte, arquitectura e en xeral na cultura e historia de Occidente.
- Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega, aplicándoos correctamente na interpretación e tradución de textos orixinais gregos.
- Analizar e interpretar textos diversos, traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características esenciais e evolución, e analizando a estrutura lingüística, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo grego e o mundo actual.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Na área de grego contribuirase a desenvolver as seguintes competencias clave.

A **comunicación lingüística** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias. O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a **competencia clave de aprender a aprender**. A **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal. A **competencia dixital** deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e póllos ao dispor da comunidade educativa. As **competencias sociais e cívicas** poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade. A **competencia en conciencia e expresión cultural**, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico. A competencia que traballa o **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Máis adiante recóllense as competencias clave relacionadas cos correspondentes contidos e estándares de aprendizaxe. En vermello figura a competencia clave máis importante de cada estándar de aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALITATIVO. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

BLOQUE 1: Lingua grega

OBX ECTI VOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALITATIVO	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas).
			1ª AV	2ª AV	3ª AV	
E F H	<ul style="list-style-type: none"> GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. Comp: CCL, CD, CCEC	Coñece as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localízalos nun mapa. 60%	X			Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D G P	<ul style="list-style-type: none"> GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. Comp: CCL, CAA	Comprende a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D G P	<ul style="list-style-type: none"> GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. Comp: CCL	Recoñece a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.

BLOQUE 2: Morfoloxía

OBX ECTI	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
-------------	---------------------------	----------------	-----------------	--

VOS		CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO	1ª AV	2ª AV	3ª AV	(a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas).
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. Comp: CCL 	Recoñece formas nominais e pronominais. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán Comp: CCL 	Recoñece as formas verbais. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B2.3.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen., Comp: CCL 	Nomea e describe as categorías gramaticais. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. Comp: CCL 	Distingue lexemas e afixos. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. Comp: CCL 	Determina a forma, clase e categoría gramatical das palabras dun texto. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.

BLOQUE 3: Sintaxe

OBX ECTI VOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas).
			1ª AV	2ª AV	3ª AV	

D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. Comp: CCL 	Recoñece os casos gregos e o pronomes. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. Comp: CCL 	Recoñece as preposicións e os complementos circunstanciais. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. Comp: CCL 	Coñece os usos modais propios da lingua grega. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. Comp: CCL 	Recoñece oracións e construcións sintácticas. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. Comp: CCL 	Clasifica e traduce correctamente os nexos subordinantes. 10%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. Comp: CCL 	Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos e tradúceas . 10%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. Comp: CCL 	Analiza e traduce construcións de participio. 10%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F I	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. 	Clasifica os tipos de oracións. 15%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E	<ul style="list-style-type: none"> GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, 	Identifica elementos sintácticos propios da		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.

F I	relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	lingua grega en textos de dificultade graduada. 15%				Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
--------	--	--	--	--	--	--

BLOQUE 4: Literatura

OBX ECTI VOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas).
			1 ^a AV	2 ^a AV	3 ^a AV	
D E H I N	<ul style="list-style-type: none"> Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos e identifica e sinala a súa presenza nos textos literarios propostos. Comp: CCL, CCEC 	Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E H I N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. Comp: CMCCT, CCEC 	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores e obras. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E H I N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. Comp: CCL 	Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E H I N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles. Comp: CCL, CCEC 	Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea. 20%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.

D E H I N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. Comp: CCEC 	Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. 20%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E H I N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. Comp: CD, CCEC 	Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. 20%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.

BLOQUE 5: Textos

OBX ECTI VOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas).
			1ª AV	2ª AV	3ª AV	
D E F N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. Comp: CCL 	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E G	<ul style="list-style-type: none"> GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. Comp: CCL, CD 	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. Comp: CCL, CD 	Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario de textos. 20%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
A D	<ul style="list-style-type: none"> GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. 	Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos.		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de

E H N	Comp: CCL	20%				aplicación. Probas específicas: exámenes.
D N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. Comp: CCL	Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero do texto. 20%		X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.

BLOQUE 6: Léxico

OBX ECTI VOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PESO CUALIFICATIVO	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (a avaliación terá en conta o traballo presencial e non presencial dos alumnos e será reflectida nas ferramentas virtuais precisas).
			1ª AV	2ª AV	3ª AV	
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. Comp: CCL	Indica os helenismos máis frecuentes e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. Comp: CCL	Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua a partir dos étimos gregos dos que proceden. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. Comp: CCL	Explica o significado de étimos gregos mediante termos equivalentes en galego e castelán. 15%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. Comp: CCL	Deduce o significado de palabras gregas. 15%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes.

N						
D E F N	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. Comp: CCL	Explica a relación entre etrmos pertencesa mesma familia etimolóxica ou semántica. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro. Comp: CCL	Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos. 15%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. Comp: CCL	Descompón palabras nos seus formantes. 15%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames.
D E F	<ul style="list-style-type: none"> GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. Comp: CCL	Coñecer os significados dos formantes gregos. 10%	X	X	X	Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exames.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A tradución será a tarefa básica do curso; facilitaranse ao alumno por escrito e na AV unhas normas básicas de tradución.

Tentarase acadar que o alumno lea o texto na súa totalidade, o divida en oracións, o analice morfosintacticamente e finalmente o traduza. Por último, terá que ler a tradución e corrixir posibles erros de expresión na súa lingua. Ademais de traducir o texto, deberanse recoñecer os seus elementos históricos, culturais, etc. Para iso recomendaranse distintas lecturas e serán necesarios os coñecementos do curso anterior.

No estudo da literatura darase especial importancia á lectura e comentario de textos traducidos representativos de cada xénero. Introducirase o uso do dicionario: daranse unhas normas básicas para o seu correcto manexo facendo ver que o dicionario non resolve tódolos problemas da tradución e que, se se usa incorrectamente, pode incluso provocar confusións.

O traballo da tradución realizarano os alumnos no horario de clases e se non acaban a tarefa terán que facela na casa; na aula corríxiranse os textos e comentaranse tódolos aspectos necesarios. A única diferenza (relativa) co curso anterior será a maior dedicación á tradución de textos gregos orixinais. Xa dende o principio alternaranse na clase o repaso e profundización nos distintos aspectos gramaticais coa tradución dos textos gregos mencionados nos contidos.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O alumnado non ten obriga de mercar ningún libro de texto. O Departamento proporcionaralles aos alumnos os materiais prácticos e teóricos que se precisen.

Diccionario Manual Griego – Español. Ed. Vox (hai no departamento).

Aula Virtual do Departamento de Grego: no curso de Grego II están matriculados todos os alumnos e colgaranse os temas vistos na clase e os exercicios de cada tema.

CRITERIOS SOBRE AVALUACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar realizarase unha proba sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non será avaliada cuantitativamente e so servirá de información á profesora.

Antes da sesión de avaliación inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno. Se algún alumno non é capaz de seguir o ritmo de clase, terá que facer un cuaderno de recuperación ata que alcance os contidos mínimos.

AVALIACIÓN ORDINARIA

A consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias por parte do alumnado avaliarase mediante os seguintes procedementos e instrumentos:

Tres **exames** por avaliación, dous de traducción e outro dos contidos non lingüísticos **80%**;

Observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo: **20%**. A profesora anotará no seu caderno, nas fichas individuais dos alumnos, todos os datos que posibiliten avaliar ese traballo persoal: control da realización das tarefas (sen copias de outros), participación na corrección de actividades, chamadas de clase..

O feito de utilizar calquera sistema fraudulento nun exame, e inclúese a exhibición dun aparato de telefonía móbil ou similar, suporá a avaliación como suspenso nese exame sen posibilidade de repetir dito exame.

En canto aos criterios de cualificación das probas escritas aplicaranse as directrices sinaladas dende a CIUG seguindo o modelo das ABAU. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse SEIS (6) para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de TRES (3) puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con UN (1) punto. Na TRADUCCIÓN consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución. Nas PREGUNTAS valorarase tanto os contidos –cantidade e calidade de coñecementos– como a forma en que son expostos: corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica, etc.

Cando un alumno falte a un exame sen falta xustificada será a profesora a que decida a nova data de exame, que non será nunca o mesmo que fixeron o resto de compañeiros.

- A nota global de curso resultará de sumar as porcentaxes asignadas a cada avaliación: un **15 %** da 1ª avaliación, un **35%** da 2ª e un **50%** da terceira avaliación. A nota mínima para aprobar será un 4,50. A nota se aproximará á unidade seguinte cando o decimal sexa 6 ou superior.

- As avaliacións suspensas se recuperarán aprobando a avaliación seguinte, no tocante á parte práctica; e mediante unha proba específica para a parte de teoría.
- En xuño, se o alumno ten algunha avaliación suspensa, poderá presentarse a un exame final da materia que abrangará todos os contidos mínimos. Non se faran exames por avaliacións en xuño.

AVALIACIÓN XULLO

Consistirá nunha proba escrita con dúas partes ben diferenciadas; unha, de carácter teórico, abrangendo xeitos lingüísticos e culturais, e outra, de carácter práctico, na que o alumno haberá de analizar e traducir un texto, que deberá ser analizado morfosintácticamente e traducidas. O examen será global e non por avaliacións. O alumno deberá aprobar cunha nota mínima de 4,5.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non hai ningún alumno con a materia Grego II pendente.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Proceso de Ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				

3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
6. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
7. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				

Práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
5. Combínase o traballo individual e en equipo.				
6. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
7. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
8. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
9. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
10. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
14. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
15. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao tratarse dun grupo reducido de sete alumnos a atención será practicamente individualizada. Cada alumno reforzará e traballará, con procedementos específicos, os contidos que lle resulten de maior dificultade. Do mesmo xeito, os alumnos que non presenten problemas de aprendizaxe e queiran profundizar con máis detalle nos contidos da materia poderán facelo e a profesora lles facilitará material.